

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE ESTUDOS DA UNIVERSIDADE SÉNIOR NO EXERCICIO 2025.

Lugar e data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Don Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña, con NIF Q6550005J, en nome e representación dela, e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica de universidades, 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o sistema universitario e no artigo 36.1.f) dos estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia, segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

**Segundo.-** Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Así, correspóndelle a dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo



as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

**Terceiro.-** A Universidade da Coruña é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o sistema universitario de Galicia. Está estruturada nos campus da Coruña e de Ferrol.

No ámbito das súas competencias correspóndelle o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Son funcións da universidade ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden cos programa que conforman a Universidade Sénior, que forman parte do seu plano de estudos dende o curso académico 2001-2002.

**Cuarto.-** O obxectivo da creación da Universidade Sénior no curso académico 2001-2002 dentro da Universidade da Coruña foi atender á demanda educativa das persoas maiores de 55 anos, ás que se admitía na vida universitaria sen máis requisito que, non atopándose en situación laboral activa, cumprisen a mencionada idade e manifestasen o seu desexo de acceder a un novo tipo de formación actualizada e adecuada aos seus intereses culturais e inquietudes formativas. Posteriormente, a tendencia á xubilación anticipada en idades cada vez máis temperás fixo diminuír a idade de admisión ata situarse nos 50 anos. Pola súa banda, o plano de estudos da Universidade Senior, dentro da Universidade da Coruña, foi incrementando a oferta formativa ata chegar á situación actual nos seus campus da Coruña e Ferrol.

A Universidade Sénior conta cunha programación con catro cursos, completados por obradoiros optativos. O alumnado que complete os catro cursos poderá conseguir o título de graduado Sénior pola Universidade da Coruña. En cada curso os estudantes realizan un total de nove créditos, con sesións expositivas e interactivas.

Ademais, dende o curso 2019-2020 dentro dos Programas de Posgrao da Universidade Senior púxose en marcha unha iniciativa innovadora concibida para os estudantes graduados, que



pretendeu dar resposta á incesante demanda deste colectivo que quere seguir vinculado á Universidade Sénior e reclamaba unha vía máis estruturada de ensino que permitise dar continuidade na satisfacción das súas inquietudes formativas. Trátase dunha programación dentro dos Programas de Posgrao de formación específica dun ano de duración e 9 créditos.

**Quinto.-** A Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade da Coruña consideran de interese que as persoas maiores, debido ao aumento da esperanza de vida, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores de 55 anos o seu desenvolvemento persoal e social.

Para alcanzar esta finalidade, e grazas ao amparo do exercicio da potestade de fomento e a sinatura deste convenio para o ano 2025, a Universidade da Coruña oferta os programas formativos para difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo da vida. Mediante a realización destes programas, que forman parte dos planos de estudo da Universidade Senior nos cursos 2024-2025 e 2025-2026, contribúese a conseguir unha sociedade máis inclusiva, culta, crítica, activa e participativa.

Así mesmo, a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade da Coruña recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social.

**Sexto.-** Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características das actuacións que se van financiar por razón do colectivo ao que vai dirixida, por outra, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que expidan títulos universitarios e que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, conforme ao previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública en aplicación do artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan,



## ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto.**

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade da Coruña para o ano 2025, a través da contribución no financiamento, mediante a concesión directa dunha subvención por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, destinada a oferta de estudos da Universidade Sénior que faciliten a súa consolidación.

Esta oferta de estudos da Universidade Senior dispónse para aquel sector da sociedade, persoas maiores de 50 anos, nunha situación laboral non activa e que demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inquiredanzas formativas e intereses culturais e que comprende o desenvolvemento das actuacións que se recollen na cláusula segunda.

### **SEGUNDA. Actuacións subvencionables.**

O plano de estudos do Programa Universitario de Grao da Universidade Sénior é elaborado arredor de tres grandes áreas temáticas: Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencia e Tecnoloxía, Ciencias da Saúde.

As actuacións subvencionables durante o período de vixencia do convenio recolle as actividades formativas a desenvolver en 2025 comprendidas tanto no segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025, como no primeiro cuadrimestre do 2025-2026, correspondentes coa oferta formativa integrada polos seguintes programas:

**a) Programa Universitario de Grao**, constituído polos catro cursos académicos que conforman un grao universitario, con materias obrigatorias e optativas:

1º. Campus da Coruña, no segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025:

Primeiro Curso. Materias obrigatorias:

- Bases psicolóxicas da conduta e Benestar Psicolóxico.
- Exploracións: Arte-Ciencia-Técnica.

Segundo Curso. Materias obrigatorias:

- Iniciación á filosofía..



- Economía Española

Terceiro Curso. Materias obrigatorias:

- Educación para a saúde no adulto.
- Socioloxía.

Cuarto Curso. Materias obrigatorias:

- Temas penais na sociedade actual.
- Ciencia e cidadanía.

Lista de materias optativas do segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025 para o Campus da Coruña:

- Informática básica.
- Inglés intermedio.
- Inglés avanzado.
- Tecnoloxía para apoiar a educación e a saúde.
- Actividade física e exercicio en poboación senior.
- Outras miradas na vida cotiá.
- A navegación na historia.
- Literatura galega contemporánea.
- Educación e cultura para un mundo sustentable.
- Patrimonio arquitectónico e etnográfico de Galicia.
- Ciencias ambientais.
- A dirección artística no cine.
- Lingua e Cultura Galegas.

2º. Campus da Coruña, no primeiro cuadrimestre do 2025-2026:

Primeiro Curso. Materias obrigatorias:

- Bases psicolóxicas da conduta e Benestar Psicológico.
- Exploracións: Arte-Ciencia-Técnica.

Segundo Curso. Materias obrigatorias:

- Iniciación á filosofía..
- Economía Española

Terceiro Curso. Materias obrigatorias:

- Educación para a saúde no adulto.
- Socioloxía.

Cuarto Curso. Materias obrigatorias:

- Temas penais na sociedade actual.



- Ciencia e cidadanía.

Lista de materias optativas para do primeiro cuadrimestre do 2025-2026 para o Campus da Coruña:

- Informática básica.
- Iniciación a Lingua Inglesa.
- Inglés avanzado.
- Tecnoloxía para apoiar a educación e a saúde.
- Actividade física e exercicio en poboación senior.
- Outras miradas na vida cotiá.
- A navegación na historia.
- Literatura galega contemporánea.
- Educación e cultura para un mundo sustentable.
- Patrimonio arquitectónico e etnográfico de Galicia.
- Ciencias ambientais.
- A dirección artística no cine.
- Lingua e Cultura Galegas.
- O cine, unha historia en imaxes.

3º. Campus de Ferrol, no segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025:

Primeiro Curso. Materias obrigatorias:

- Arte da imaxe: O cine na súa linguaxe e historia.
- Medioambiente.

Segundo Curso. Materias obrigatorias:

- Iniciación á filosofía.
- Arte e tipoloxías estruturais.

Terceiro Curso. Materias obrigatorias:

- Ciencia e tecnoloxía.
- Socioloxía.

Cuarto Curso. Materias obrigatorias:

- Benestar Psicológico.
- Economía da Empresa Industrial.

Lista de materias optativas para do segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025 para o Campus de Ferrol:

- Inglés I.
- Inglés II.



- Saúde e Benestar: Coidados e Prevención.
- A navegación e construción naval.
- Informática básica.
- Literaturas do mundo.
- Introducción á historia e á cultura de Galicia marítima.
- Actividade física, nutrición e exercicio en poboación sénior.
- Descubrindo a enxeñería: Experimentos, Proxectos e Casos Prácticos.

4º. Campus de Ferrol no primeiro cuadrimestre do 2025-2026:

Primeiro Curso. Materias obrigatorias:

- Arte da imaxe: O cine na súa linguaxe e historia.
- Medioambiente.

Segundo Curso. Materias obrigatorias:

- Iniciación á filosofía.
- Arte e tipoloxías estruturais.

Terceiro Curso. Materias obrigatorias:

- Ciencia e tecnoloxía.
- Socioloxía.

Cuarto Curso. Materias obrigatorias:

- Benestar Psicológico..
- Economía da Empresa e Familiar.

Lista de materias optativas para do primeiro cuadrimestre do 2025-2026 para o Campus de Ferrol:

- Inglés I.
- Inglés II.
- Saúde e Benestar: Coidados e Prevención.
- Ferramentas Dixitais e Ofimática.
- Literaturas do mundo.
- Achegas ao Patrimonio e Culturas de Galicia Marítima.
- Actividade Física, nutrición e exercicio en poboación sénior.
- Descubrindo a enxeñería: Experimentos, Proxectos e Casos Prácticos.

En cada curso do Programa Universitario de Grao os alumnos e alumnas teñen que realizar dúas materias obrigatorias e unha optativa por curso a escoller entre unha lista de propostas para cada campus.



O número de prazas ofertadas no curso académico 2024/2025, para o alumnado de novo ingreso, foi de 120 para o Campus da Coruña e 70 para o Campus de Ferrol, e o número total de alumnado matriculado foi de 952.

**b) Programas de Posgraduados da Universidade Sénior:** Trátase dun programa de formación específica en “Novos retos en sustentabilidade” dun ano de duración e 9 créditos, que constitúe unha formación de posgrao para o colectivo de Graduados Sénior e cada ano ofértase un novo programa anual para persoas graduadas que comprende:

1º. Programa de Formación Específica para graduados “Historia, Ciencia e Sociedade” no Campus de Ferrol nos cursos 2024-2025 e 2025-2026.

O programa “Historia, Ciencia e Sociedade” é unha iniciativa relevante que integra disciplinas esenciais e está fortemente ligada aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas. Neste mundo cada vez máis complexo e interconectado, a comprensión das relacións entre historia, ciencia e sociedade é esencial para abordar os desafíos globais e fomentar o desenvolvemento sostible. A Universidade Sénior busca ofrecer unha perspectiva ampla, a través deste curso, cuxo obxectivo principal é promover o coñecemento e a comprensión destes tres ámbitos fundamentais, contribuíndo así á educación, desenvolvemento sostible e progreso humano.

O programa consta de tres módulos que engloban diversas temáticas relevantes. Cada módulo consta de 3 créditos que se corresponden con 30 horas de clase, de 3 materias obrigatorias con 10 sesións teóricas de 1 hora de duración, impartidas en 2 días á semana:

- Módulo I: “Arte e Patrimonio”
- Módulo II: “Ciencia e Tecnoloxía”
- Módulo III: “Sociedade”

A única condición de acceso a este programa é estar en posesión do Título de Graduado Sénior pola Universidade da Coruña, ou título equivalente ao de graduado sénior, expedido por outra Universidade dentro dun Programa Universitario para maiores do Estado español.

2º. Programa de formación específica para graduados “Patrimonio Cultural: Coñecemento, Conservación e Difusión” no Campus da Coruña no curso 2024-2025 e 2025-2026.

O patrimonio cultural é inherente ao ser humano, que é quen o crea, o disfruta, e ten a obriga de transmitilo e conservalo. É habitual que exista unha preocupación pola educación ambiental;



non obstante, non sucede o mesmo coa educación patrimonial. Con frecuencia este importante legado colectivo é descoñecido, pasa desapercibido ou non existe conciencia do seu valor e da necesidade de conservalo para as xeracións futuras.

O seu mantemento ten que ir ligado á memoria e á súa comprensión no seu contexto orixinal e actual. Ademais de tratar de transmitir todos estes aspectos, a partires do estudo do patrimonio dende as súas bases teóricas e as súas diferentes tipoloxías, porase o foco de maneira específica no patrimonio da Universidade da Coruña e a súa contorna, presente nos diferentes campus, que con frecuencia pasa inadvertido para a sociedade e para a colectividade universitaria

Ademais dunha ampla base teórica, a docencia apoiarase no estudo de casos e no contacto directo cos recursos patrimoniais a través de visitas e traballo de campo. Cada un dos tres módulos consta de 3 créditos que se corresponden con 30 horas de clase, de 3 materias obrigatorias con 10 sesións teóricas dunha hora de duración, impartidas dous días á semana:

- Módulo I: "O Patrimonio Cultural e a súa Salvagarda".
- Módulo II: "Explorando a Diversidade Patrimonial".
- Módulo III: "O Patrimonio da Universidade da Coruña e a súa contorna".

A única condición de acceso a este programa é estar en posesión do Título de Graduado Sénior pola Universidade da Coruña ou título equivalente ao de graduado sénior, expedido por outra Universidade dentro dun Programa Universitario para maiores do Estado español.

**c) Actividades complementarias**, nas que se inclúen conferencias, seminarios, xornadas e obradoiros como complemento do ensino nos Campus da Coruña e Ferrol, que se relacionan:

1º. Seminarios e ciclos de conferencias, cunha duración de oito horas, que versan sobre distintos temas como *A Paixón Barroca; I+D e Innovación: Desde os conceptos ata as políticas europeas; Habitar con arte; Vida saudable: estratexias chave en nutrición, hidratación e movemento; Marcas sonoras do camiño; Practicando a arte da escritura; As claves do envellecemento activo; Coidar ao coidador desde a terapia ocupacional: promoción da saúde e prevención de enfermidades; A evolución humana; A auga que bebes* (no Campus da Coruña), *A historia dos nosos xenes: redescubriendo os nosos ancestros a través do seu ADN; Emoción-arte; Arqueoloxía e Biblia: cidades e reis do próximo Oriente; Obradoiro de fotografía de retrato; Nutrición* (no Campus de Ferrol), entre outros, no segundo cuatrimestre do curso académico 2024-2025 .



Durante o primeiro cuadrimestre do 2025-2026 os seminarios versarán sobre temas como *As claves do envellecemento activo; Patrimonio cinematográfico; Que estudamos os economistas? As respostas (dalgúns) dos galardoados co Premio Nobel de Economía; Arte e arquitectura; Obradoiro de fotografía de retrato; Nutrición; Empoderamento en saúde mental e hábitos saudables despois da xubilación.* (no Campus da Coruña), *O real, o imaxinario e o simbólico nas pinturas do Museo Nacional do Prado; Introducción aos beneficios do mindfulness, compaixón e insight* (no Campus de Ferrol).

2º. Obradoiros. A aplicación práctica dos coñecementos e das experiencias relacionadas coas materias da Universidade Sénior, xa sexa froito das aulas impartidas ou da propia historia persoal e profesional do alumnado, debe ter un medio de comunicación, de intercambio e de desenvolvemento. Seguindo este obxectivo, outorgouse ao estudantado dos catro cursos a oportunidade de asistir aos talleres.

No campus da Coruña impartiranse os seguintes talleres no segundo cuadrimestre do curso académico 2024-2025: Coidado e benestar Psicolóxico; Manexo avanzado de Internet e ferramentas dixitais; A musica no se contexto histórico; Novela e conto na literatura Española e Hispanoamericana Contemporánea; Etnobotánica; Gramática audiovisual no cinema; Conversa en Lingua Inglesa.

No primeiro cuadrimestre do 2025-2026: Coidado e benestar Psicolóxico; Manexo avanzado de Internet e ferramentas dixitais; A musica no seu contexto histórico; Novela e conto na literatura Española e Hispanoamericana Contemporánea; Etnobotánica; Gramática audiovisual no cinema; Descubrindo A Coruña: Explorando a cidade a través do inglés; Arte e Sociedade; Lingua e Cultura Italiana; Lingua e Cultura Francesa.

E no campus de Ferrol impartiranse os talleres seguintes no curso 2024-2025: Manexo Avanzado de internet e multimedia; Patrimonio Etnográfico e Arquitectónico de Galicia; Conversa en lingua inglesa; Como se fan as películas; Recurso psicolóxicos para o autocoidado e saúde mental..

No curso 2025-2026: Competencias dixitais avanzadas; Do lapis ao deseño: construíndo ideas á man; Conversa en lingua inglesa; Recurso psicolóxicos para o autocoidado e saúde mental; Como se fan as películas.

Estes talleres desenvólvense mediante sesións de dúas horas de duración e de periodicidade quincenal, que o alumnado pode cursar de xeito voluntario.

Os obxectivos que pretenden acadar son os seguintes:



- Permitir unha formación complementaria ao plan de estudos co obxectivos de afondar en temas ou aspectos máis concretos.
- Empregar unha metodoloxía máis activa e participativa.
- A posta en práctica de competencias e recursos xa adquiridos polo alumnado, pero tamén a adquisición de novos recursos.

3º Programa Introdutorio “Explorando o coñecemento”, que é unha nova proposta formativa do curso académico 2024/2025, dirixida ás persoas en lista de agarda para primeiro curso do Grao Sénior na sede da Coruña. No curso 2025/2026 dirixirase ademais a alumnado graduado en lista de agarda do Programa de Formación Específica da mesma sede. Con duración dun curso académico, ofrece unha primeira toma de contacto coa Universidade Sénior para quen accede por primeira vez, e unha continuidade formativa para quen xa completou o grao.

Este programa de educación continua está dirixido a persoas maiores de 50 anos, en situación laboral non activa, interesadas en continuar aprendendo e ampliando coñecementos en distintas áreas. O seu deseño modular, interdisciplinar e flexible ofrece unha opción formativa axeitada tanto para quen accede por primeira vez á Universidade Sénior como para quen xa completou o Grao Sénior, favorecendo a educación continua e a participación activa na vida universitaria.

Cada un dos tres módulos ten unha duración de 10 horas lectivas, impartidas en sesións semanais dunha hora. As clases combinan exposicións maxistras, actividades prácticas e espazos de debate guiados por profesorado especializado en cada temática. Poden matricularse neste programa as persoas que, unha vez pechado o prazo de matrícula, figuren na lista de agarda para o 1º curso do Grao Sénior na sede da Coruña, así como aquelas que xa teñan completado dito grao.

O programa estrutúrase en tres módulos, cada un centrado nunha área temática concreta:

- Módulo I: Humanidades e Ciencias Sociais.
- Módulo II: Ciencia e Tecnoloxía.
- Módulo III: Ciencias da Saúde.



#### **d) Internacionalización e mobilidade que comprende as seguintes actividades:**

1º. Participación en programas educativos europeos. A Universidade Senior é membro tanto da Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM) e a Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade (AIUTA).

2º. Participación en Asociacións e Redes Internacionais. A Universidade Senior é membro fundador da Rede Mundial de Proxectos Educativos para Senior + 50 (RIPE+50), constituída formalmente en outubro de 2018. É unha rede de institucións que desenvolven accións formativas con adultos maiores de 50 anos e conta con membros en diferentes países europeos e latinoamericanos.

Estas actuacións, en ambos casos, centradas na participación en asociacións e redes académicas específicas de programas universitarios de maiores, están plenamente integradas na estratexia de desenvolvemento e mellora continua do programa formativo da Universidade Sénior. A colaboración con entidades como AEPUM (Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores) e AIUTA (Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade) é especialmente relevante, dado que se trata das dúas asociacións coas que se traballa, participando en asembleas, encontros e actividades formativas e institucionais. A participación nestas asociacións forma parte da estratexia institucional para o fomento da calidade educativa, a innovación metodolóxica, a proxección exterior e o intercambio de boas prácticas, aspectos fundamentais na mellora continua do programa formativo ofertado.

**e) Mobilidade nacional.** A Universidade Sénior organiza ao longo do curso académico actividades de titoría TIC e conferencias e xornadas relacionadas, por exemplo, co Marzo Ambiental, o Día das Letras Galegas ou o Outubro Saudable.

Ademais, a Universidade Sénior desenvolve un programa de intercambio académico e cultural que busca promover a mobilidade, a integración cultural e territorial, e fomentar o desenvolvemento persoal, a cidadanía activa e o envellecemento saudable. Este programa tamén facilita a transferencia de boas prácticas no ámbito do ensino superior destinado a persoas maiores. O intercambio lévase a cabo de forma anual co Programa Universitario para Maiores da Universidad Politécnica de Valencia (UPV). No curso 2024/2025 celebrouse unha xornada de acollida na Universidade Sénior dun grupo de estudantes da UPV entre o 7 e o 11 de abril de 2025.



### **TERCEIRA. Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver a Universidade da Coruña, na Universidade Senior, é de 96.000,00€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **trinta e dous mil euros (32.000,00€)** con cargo á aplicación orzamentaria **08.05.312E.444.0**.

Segundo a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, esta previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

### **CUARTA. Obrigas da entidade beneficiaria**

1. A Universidade da Coruña deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

a) Realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, así como acreditar a súa realización e o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa regulamentaria de desenvolvemento e, no disposto neste convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de fiscalización e control financeiro, que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para o que se facilitará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco



deste convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións da programación obxecto da concesión da subvención a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

h) No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto da Universidade Sénior incorporárase de xeito transversal, o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

i) Diseñar e desenvolver as actuacións que conforman a programación a subvencionar polo presente convenio tendo en conta as necesidades e demandas das persoas maiores con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

j) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### **QUINTA. Obrigas e documentación inicial**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:



**a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

**b) Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SEXTA. Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade .

#### **SÉTIMA. Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 49% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías ás que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4 f) do dito decreto.

b) O 51% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades da programación a subvencionar a través deste convenio.

A previsión do anticipo faise tendo en conta as necesidades financeiras da Universidade da Coruña para a execución das actividades previstas. Xa que importe do anticipo previsto non



excede dos límites previstos no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non é preciso autorización polo Consello da Xunta.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

### **OITAVA. Gastos subvencionables e xustificación**

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable, en aplicación do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os gastos de persoal adscritos á execución das actividades da Universidade Senior, así como os gastos correntes directamente relacionado con ditas actividades subvencionadas.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, que remata o **10 de decembro de 2025**.

Só se financiarán os gastos do ano 2025 xerados conforme as actividades programadas pola Universidade Senior.

No momento da presentación da xustificación dos gastos do convenio, en todo caso con data límite do 10 de decembro de 2025, a entidade beneficiaria presentará a seguinte documentación:

a) Informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro da programación a subvencionar a través deste convenio, acompañado dunha certificación, asinada pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, na que se faga constar:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actividades desenvolvidas en execución da dita programación e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actividades subvencionadas coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.



b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

Cando formen parte da xustificación, documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do Imposto da renda das persoas físicas, ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, correspondentes a 2025, considerarase xustificado coa presentación dunha addenda á certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control, na primeira quincena de febreiro de 2026.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **NOVENA. *Incumprimentos, reintegros e sancións***

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actividades subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda, e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións subvencionables, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.



Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral***

A Universidade da Coruña designará o persoal necesario para realizar as actividades da programación da Universidade Sénior a subvencionar relacionadas na cláusula segunda deste convenio.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto da programación a subvencionar a través deste convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **DECIMO PRIMEIRA. *Subcontratación***

A Universidade da Coruña é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actividades subvencionadas fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata o 25% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

A Universidade da Coruña, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento***

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Universidade da Coruña, así como as súas suplentes, designadoas polas persoas que representen a cada unha das partes.



A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto., así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado, a comisión, someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **DÉCIMO TERCEIRA. *Vixencia***

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando correspondan a actuacións da programación formativa a subvencionar no ano 2025.

### **DÉCIMO CUARTA. *Obrigas de publicidade***

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.



## **DÉCIMO QUINTA. Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

### **DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Os seus acordos esgotan a vía administrativa.

Contra os acordos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada



a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambos os dous comparecentes no lugar e na data de sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e  
Igualdade

Pola Universidade da Coruña

A conselleira

O reitor

Fabiola García Martínez

Ricardo José Cao Abad

